

**MACROMICETOS DA RESERVA DA BIOSFERA ÁREA DE ALLARIZ:
APORTACIÓN AO CATÁLOGO MICOLÓXICO DA PROVINCIA DE OURENSE**

por

M. RIVAS¹ et M.L. CASTRO²

RIVAS, M. et CASTRO, M.L. 2018. Macromicetos da Reserva da Biosfera Área de Allariz: aportación ao catálogo micolóxico da provincia de Ourense. *Mykes* 21: 27-49.

Resumo

Neste estudo cítanse por primeira vez 48 especies de *Basidiomycota*, *Ascomycota* e *Myxomycota* para a provincia de Ourense, das cales 10 son tamén primeiras citas para Galicia.

Palabras clave: micobiota, Allariz, Galicia, Reserva da Biosfera, macromicetos, biodiversidade.

RIVAS, M. et CASTRO, M.L. 2018. Macromycetes of the Biosphere Reserve "Área de Allariz": contribution to the mycological catalogue of Ourense. *Mykes* 21: 27-49.

Summary

In this study we cite for the first time 48 species of *Basidiomycota*, *Ascomycota* e *Myxomycota* for the province of Ourense (Spain), 10 taxon of which are also first citations for Galicia.

Keywords: mycobiota, Allariz, Galicia Biosphere Reserve, macromycetes, biodiversity.

INTRODUCCIÓN

A Reserva da Biosfera Área de Allariz está situada no centro da provincia de Ourense e aínda que está incluída nos Concellos de A Bola, Allariz, Rairiz de Veiga e Vilar de Santos (Reserva da Biosfera Área de Allariz, 2008) as mostraxes para este traballo

Laboratorio de Micoloxía, Facultade de Bioloxía, Campus As Lagoas - Marcosende, E-36310, Vigo; e-mail: ¹maurorivasferreiro@gmail.com e ²lcastro@uvigo.es